



Rosalía de Castro, 2  
15200 NOIA (A Coruña)  
Tel. 981 842 100  
Fax 981 821 741

ACTA DE VALORACIÓN DE DOCUMENTACIÓN PRESENTADA CON MOTIVO DE BAIXA TEMERARIA NO PROCEDEMENTO ABERTO E TRAMITACIÓN URGENTE, CUN ÚNICO CRITERIO DE VALORACIÓN O FACTOR PREZO, CONVOCADO POLO CONCELLO DE NOIA PARA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE EXECUCIÓN DA OBRA "CONEXIÓN DO SANEAMENTO DE BOA E TARAMANCOS Á REDE XERAL DE SANEAMENTO MUNICIPAL (NOIA)".

Noia, vinte de decembro de dous mil once.

Na Secretaria do Concello de Noia, sendo as doce horas e quince minutos, réunese a Mesa de Contratación, integrada polo Alcalde, don Rafael García Guerrero, como Presidente, dona Raquel B. Bahillo Varela, secretaria xeral, dona María López Docampo, interventora municipal, don José Ventura Fernández Sarasquete, arquitecto técnico redactor do proxecto, como vogais, e como secretario don Ramiro Lema Muíño, co fin de proceder ao exame e valoración da documentación achegada pola empresa ALVAC, S.A, tras o requirimento efectúado con data 30 de novembro de 2011 para que no prazo de cinco días xustificara a oferta económica presentada, segundo o disposto no apartado 15.3.1, en relación ó disposto no artigo 136 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, ó presumir a Mesa de Contratación que a proposición non poida ser cumprida como consecuencia de incorrer en baixa desproporcionada ou anormal, segundo acordo adoptado pola Mesa en sesión de data vinte e oito de novembro de dous mil once, no procedemento aberto (cun único criterio de valoración: factor prezo), e tramitación urgente para adxudicación do contrato da obra "Conexión do saneamento de Boa e Taramancos á rede xeral de saneamento municipal (Noia)", incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2011, cun orzamento de execución por contrata de douscentos oitenta mil cento dous euros con quince céntimos (280.102,15 €), convocado por Resolución do Alcalde número 2431/2011, do 29 de setembro, expediente número 16/11-OB-PAU, feito público mediante anuncio de licitación publicado no xornal "El Correo Gallego" o domingo 2 de outubro do 2011, no perfil do contratante do Concello de Noia, o 3 de outubro de 2011 e no Boletín Oficial da Provincia, o 4 de outubro de 2011.

Compróbase que o día 30 de novembro o señor Alcalde fixo requirimento ao licitador Alvac, S.A, para que no prazo de cinco días xustificara a oferta económica presentada, segundo o disposto no apartado 15.3.1, en relación ó disposto no artigo 136 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, ó presumir a Mesa de Contratación que a proposición non poida ser cumprida como consecuencia de incorrer en baixa desproporcionada ou anormal.

Tralo requirimento efectuado, Alvac, S.A, presenta o 5 de decembro de 2011, documentación xustificativa de oferta económica.

O 18 de decembro de 2011 o arquitecto técnico municipal don José Ventura Fernández Sarasquete, emite informe, respecto a,

<<A) Xustificación dos prezos ofertados.

1. A empresa adxudicataria presenta xustificación de oferta de subministro de tuberías que supón un aforro importante en relación aos prezos de proxecto de 31.237,60 €.
2. No orzamento da obra realizado pola empresa bótase en falta a xustificación dos prezos unitarios utilizados que supón reducións moi importantes en relación aos prezos do proxecto. Entre outras cítanse no capítulo 1 as reducións nas partidas 1.1 de 25,65 a 6,00 €/m<sup>2</sup>, 1.3 de 7,90 a 2,50 €/m<sup>3</sup> ou 1.5 de 10,30 a 4,00 €/m<sup>2</sup>.
3. Pola outra banda a suma dos importes dos custos directos, custos indirectos e xerais representa un custo de 14.005,11 € maior que o da adxudicación polo que a empresa perde diñeiro.

B) Volume da obra contratada.

1. A empresa xustifica un importante volumen de obra executada e compras efectuadas nos anos 2008, 2009 e 2010.



C) *Relación entre a solvencia da empresa e a oferta presentada.*

1. *A empresa xustifica unha redución dos gastos xerais da empresa ao 9% por tratarse dunha empresa especializada con ampla experiencia e experiencia no sector.*
2. *Xustifica a redución do beneficio da empresa en base á necesidade de mantemento dos postos de traballo nunha situación de grave crise económica.*

*Conclusión.*

*Vista a xustificación da empresa da baixa ofertada conforme ao Prego tipo de aplicación considérase que a baixa e moi importante e non se encontra xustificada pola falta de prezos unitarios.>>*


A Mesa de Contratación, procede á valoración da documentación achegada pola empresa ALVAC, S.A, e a vista do informe do Sr. Fernández Sarasquete, considera insuficientemente xustificada a oferta económica, quedando de manifesto que incorre en baixa anormal ou desproporcionada.

En segundo lugar e visto o anterior, o órgano de contratación, en base ó establecido no prego de administrativas, **ACORDA:**

**Primeiro:** Excluir da clasificación á empresa ALVAC S.A, é estimar que a oferta non pode ser cumprida coma consecuencia da inclusión de valores anormais ou desproporcionados

**Segundo:** Requirir as empresas, CONSTRUCCIONES D. OGANDO, S.L., OGMIOS PROYECTO, S.L., CONSTRUCCIONES GALDIANO, S.A., ASOGAL CONSTRUCCIONES, S.L, e EXCAVACIONES CERNADAS VALIÑA, S.L, para que no prazo de cinco días xustifiquen a oferta económica presentada, segundo o disposto no apartado 15.3.1, en relación ó disposto no artigo 136 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, ó presumir a Mesa de Contratación que as proposicións non poidan ser cumpridas como consecuencia de incurrir en baixa desproporcionada ou anormal, este requirimento efectúase nun so acto, a tódalas empresas cuxa proposta pode ser considerada desproporcionada ou anormal, consonte o principio de celeridade do procedemento administrativo do artigo 75 da Lei 30/1992, do 26 de novembro. A proposta de adxudicación recaerá na empresa que presente a oferta economicamente máis vantaxosa, consonte a clasificación por orden decrecente das ofertas presentadas, sempre que non sexa declarada desproporcionadas ou anormais a vista da xustificación que se presente e os informes á mesma.

Sendo as doce horas e corenta minutos, do día ao comezo reseñado, dáse por rematado o acto, asinando os que interveñen, do que, como secretario dou fe.



Presidente.	Vogal.	Vogal.
Asdo. Rafael García Guerrero.	Asdo. Raquel B. Babillo Varela.	Asdo. María López Docampo.
Vogal.	Secretario.	
Asdo. José V. Fernández Sarasquete.	Asdo. Ramiro Lema Muíño.	